



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981-51 30 52  
Fax: 981-51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## NOTIFICACIÓN

*(Consta de 11 folios, a dobre cara máis 1 a unha cara, numerados)*

### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO**

Elena Suárez Rodríguez, secretaria do Concello de Boqueixón, poño no seu coñecemento que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno realizada o día 2 de novembro de 2012 se adoptou o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

Na Xunta de Goberno do día 20 de xuño apróbase iniciar a licitación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria, do contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeado público.

Na Xunta de Goberno do día 17 de outubro, realízase a clasificación das ofertas presentadas de acordo cos informes técnicos achegados polo técnico da mesa de contratación, don Pablo Rojo Losada e que a continuación se transcriben literalmente:

### **ASUNTO: CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que para a valoración das ofertas dos distintos contratistas, realizouse o estudo das mesmas en base a seguinte descomposición dos criterios contidos no Prego de Cláusulas Administrativas.

#### **12 Criterios para a puntuación das ofertas**

##### **12.1 Criterios de valoración avaliados mediante xuízos de valor:**

a) plan de traballo e de protección ambiental ..... ata 20 puntos

##### **Plan de Traballo**

| Puntuación máxima | Descrición |
|-------------------|------------|
|-------------------|------------|

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 7                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Descrición dos traballos de inspección e mantemento: descrición dos traballos de conservación inspección tanto interiores como exteriores, calendarios de actividades, control de gastos, inventario municipal, diagrama de traballo. |
| <p><i>Neste punto a valoración realizase atendendo os seguintes criterios de puntuación:</i></p> <p><i>3 puntos - Relación dos principais traballos que se realizarán para o cumprimento do contrato como poden ser, entre outros, os seguintes: traballos de conservación, reparación e mantemento de equipos (luminarias, báculos e lámpadas), de centros de mando, de canalizacións e cableado, de control de acendidos e apagados, de medidas luminosas en zonas e locais municipais, de bombeos, de instalacións eléctricas en edificios municipais, realización de tramitacións con organismos autonómicos e con compañías distribuidoras, inventarios e mapas luminosos.</i></p> <p><i>1 puntos – Información sobre a frecuencia dos traballos de mantemento.</i></p> <p><i>1 puntos – Estudo e actuacións para o control de gasto enerxético e económico municipal.</i></p> <p><i>1 puntos – Información sobre a presentación de informes e documentación.</i></p> <p><i>1 puntos – Presentación de diagrama gráfico do plano de traballo.</i></p> |                                                                                                                                                                                                                                       |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|
| 3                                                                                                                                                                                                                                                                                                | Descrición de procedementos e métodos, métodos de resposta ante avisos municipais e avarías. |
| <p><i>Neste punto a valoración realizase atendendo os seguintes criterios de puntuación:</i></p> <p><i>2 puntos – Descrición do método utilizado para a realización dos distintos traballos.</i></p> <p><i>1 puntos – Descrición do método de resposta ante avisos municipais e avarías.</i></p> |                                                                                              |

|    |                                          |
|----|------------------------------------------|
| 10 | <b>VALORACIÓN TOTAL: PLAN DE TRABAJO</b> |
|----|------------------------------------------|

*O método de valoración será sobre a puntuación de cada criterio: 0 se non aparece representado na oferta, se aparece representado na oferta puntuarase proporcionalmente á información presentada e segundo o específico que sexa e o que estea adaptado ao servizo.*

#### **Protección Ambiental**

| Puntuación máxima | Descrición                                                        |
|-------------------|-------------------------------------------------------------------|
| 7                 | Relación de aspectos ambientais relacionados co servizo: impactos |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | ambientais producidos pola actividade que se vai desenvolver. |
| <p><i>Neste punto a valoración realizase atendendo os seguintes criterios de puntuación:</i></p> <p><i>3 puntos – Estudo dos impactos ambientais relacionado coa prestación do servizo.</i></p> <p><i>1 puntos – Métodos para minimizar os impacto asociados á prestación do servizo.</i></p> <p><i>1 puntos – Protocolo de actuación ante un problema ambiental durante a prestación do servizo.</i></p> <p><i>1 puntos – Redución de consumos e de uso de substancias contaminantes.</i></p> <p><i>1 puntos – Estudo de normativa aplicable.</i></p> |                                                               |
| 3                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Relación de residuos xerados polo servizo e tratamento.       |
| <p><i>Neste punto a valoración realizase atendendo os seguintes criterios de puntuación:</i></p> <p><i>1 puntos – Relación de residuos que poidan ser xerados durante realización do servizo.</i></p> <p><i>1 puntos – Clasificación e segregación dos residuos que poidan ser xerados.</i></p> <p><i>1 puntos – Tratamento de residuos do servizo e documentación.</i></p>                                                                                                                                                                            |                                                               |
| 10                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <b>VALORACIÓN TOTAL: PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL</b>           |

*O método de valoración será sobre a puntuación de cada criterio: 0 se non aparece representado na oferta, se aparece representado na oferta puntuarase proporcionalmente á adaptación ao prego.*

**b) Medios técnicos adscritos á realización do traballo ..... ata 10 puntos**

| Puntuación máxima                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | Descrición                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|
| 2                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | Persoal adscrito ao servizo. |
| <p><i>Neste punto a valoración realizase atendendo os seguintes criterios de puntuación:</i></p> <p><i>0 puntos se non se indica o persoal que realizará o traballo de conservación, reparación e mantemento, ou se este persoal non é o indicado para a realización do servizo.</i></p> <p><i>1 puntos ó presentar unha brigada de traballadores con técnicos cualificados, enténdese que este persoal é o necesario para a realización do servizo.</i></p> <p><i>2 puntos ó presentar ademais do exposto no punto anterior outro persoal para facerse cargo do</i></p> |                              |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>traballo, valórase proporcionalmente segundo sexa a adaptación do persoal adicional presentado ao servizo.</i>                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                       |
| 3                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Vehículos disposto para a realización do servizo: mínimos camión grúa con cesta e furgoneta, mellora a puntuación o presentarse outros vehículos que aporten máis funcións o servizo. |
| <p><i>0 puntos se non se indica a maquinaria dispoñible para realizar o traballo de conservación, reparación e mantemento.</i></p> <p><i>1 punto se presenta un camión grúa, entendese que este é a maquinaria necesaria para a realización do servizo</i></p> <p><i>3 puntos se presentan outra maquinaria adicional, valórase proporcionalmente segundo sexa a adaptación desta maquinaria adicional ao servizo.</i></p> |                                                                                                                                                                                       |
| 4                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Ferramenta básica para a realización dos traballos eléctricos.                                                                                                                        |
| <p><i>Outorgarase a puntuación segundo a presenza dos seguintes elementos, que se consideran necesarios para a realización do servizo, valórase proporcionalmente segundo sexa a adaptación dos equipos e ferramenta ao servizo.</i></p> <p><i>1 punto - Equipos de medicións</i></p> <p><i>1 punto - Ferramentas manuais</i></p> <p><i>1 punto - Equipos de seguridade</i></p> <p><i>1 punto - Stock de materiais</i></p> |                                                                                                                                                                                       |
| 1                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Situación de oficinas e almacéns próxima ao lugar do servizo.                                                                                                                         |
| <i>Proximidade de oficinas ou almacéns ao concello, outorgarase 0 puntos se non se menciona a situación de almacéns ou oficinas 1 punto se está no concello.</i>                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                       |
| 10                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | <b>VALORACIÓN TOTAL: MEDIOS TÉCNICOS ADSCRITOS Á REALIZACIÓN DOS TRABALLOS</b>                                                                                                        |

**b) Dispoñibilidade en casos de emerxencia ..... ata 5 puntos**

| Puntuación máxima | Descrición                                                   |
|-------------------|--------------------------------------------------------------|
| 1                 | Medios dispostos: segundo o persoal que atenda á emerxencia. |

|                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|
| <i>0 puntos – se non se indica o persoal presentado para resposta ante unha emerxencia.</i><br><i>1 punto – cando se dispoña dunha brigada de garda para atender unha emerxencia.</i>                                                                          |                                                                  |
| 3                                                                                                                                                                                                                                                              | Tempo de resposta ante unha emerxencia.                          |
| <i>Segundo o tempo de resposta.</i><br><i>0,5 puntos – máis de 1,5 horas.</i><br><i>1 puntos - 1 hora &lt; tempo de resposta &lt; 1,5 horas.</i><br><i>2 puntos - media hora &lt; tempo de resposta &lt; 1 hora.</i><br><i>3 puntos – menos de media hora.</i> |                                                                  |
| 1                                                                                                                                                                                                                                                              | Cofecemento xeográfico do termo municipal                        |
| <i>0 puntos de non se menciona ou demostra o cofecemento do termo municipal.</i><br><i>1 punto cando se demostre ou asegure o cofecemento do termo municipal.</i>                                                                                              |                                                                  |
| 5                                                                                                                                                                                                                                                              | <b>VALORACIÓN TOTAL: DISPOÑIBILIDADE NOS CASOS DE EMERXENCIA</b> |

## **ELECNOR**

### **a) Plan de traballo e de protección ambiental**

#### **Plan de traballo**

6 – Plano de traballo descrito con detalle e adaptado a obra a realizar.

2,5 – Descrición dos procedementos para realizar as obras do servizo completo.

#### **Protección ambiental**

3,5 – Plan de protección ambiental xenérico de empresa e lixeiramente adaptado ao servizo.

3 – Relación de residuos producidos en obras e métodos de tratamento dos mesmos.

### **b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

1,5 – Persoal presentado, suficiente:

- Un oficial de 1ª, electricista.
- Un oficial de 2ª, electricista.
- Persoal auxiliar.

3 – Presenta o mínimo de vehículos e outros que cobren outras necesidades do servizo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Oleiros, Caldas de Rei, Vigo.

**c) Dispoñibilidade en casos de emerxencia**

1 – Todo o persoal disposto para o mantemento, estará dispoñible en momento de unha emerxencia

1 - Tempo de resposta 1 hora

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

**ELECTRICIDAD CRUCEIRO**

**a) Plan de traballo e de protección ambiental**

**Plan de traballo**

2 – Non se fai unha descrición pormenorizada do plan de traballo, se indica que se realizarán os traballos necesarios.

1 – Non se describen correctamente os procedementos para realizar as operacións de mantemento, nin o persoal, nin os tempos, nin o control de obra ben executada. Infórmase sobre o control de subministracións e algunhas obras eléctricas.

**Protección ambiental**

1 – Plan de protección ambiental non adaptado ao servizo, xenérico.

1 – Relación de residuos e tratamento non adaptado ao servizo, xenérico.

**b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

2 – Persoal presentado, completo:

- Enxeñeiro técnico.
- Sels brigadas.

3 – Presenta o mínimo de vehículos e outros que cobren outras necesidades do servizo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Arzúa.

**c) Dispoñibilidade en casos de emerxencia**

1 – Unha brigada

2 - Tempo de resposta de servizo no urxente 24 h e 0,5 h en caso de urxencia.

0 - Non se indica o coñecemento xeográfico do termo municipal.

#### **INSATEL**

##### **a) Plan de traballo e de protección ambiental**

###### **Plan de traballo**

3 – Descrición do plano de traballo básico, faltan traballos que se poden realizar, diagrama de traballo entre outros datos.

1 – Non se describen correctamente os procedementos para realizar as operacións de mantemento, nin o persoal, nin o control de obra ben executada. Indícanse os tempos de substitución de equipos.

###### **Protección ambiental**

1 – Plan de protección ambiental non adaptado ao servizo, indícase que reciclarán os aparatos avariados con xestores de residuos autorizados, renovación de luminarias fora de normativa, reducirse a contaminación luminosa e implantaranse medidas de aforro enerxético.

0 – Non se aporta unha relación de residuos e o seu tratamento

##### **b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

1,5 – Persoal presentado, suficiente:

- Dous traballadores autónomos.
- Dous traballadores fixos.
- Tres traballadores temporais.

0 – Non se indican que vehículos de presentan para a realización do servizo.

0 – Non se indican os equipos para a realización do servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Val do Dubra.

##### **c) Dispoñibilidade en casos de emerxencia**

0,5 – Indican que poñeranse todo os medios necesarios pero non os especifica

0,5 - Tempo de resposta horario laboral 1,30 h e 2,30 h en caso de festivo.

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

#### **CORUÑESA DE AHORRO DE ENERGÍA, S.L.U.**

##### **a) Plan de traballo e de protección ambiental**

###### **Plan de traballo**

3 – Descrición do plano de traballo básica, falta a frecuencia de realización dos traballos indica que se realizarán periodicamente, falta diagrama de traballo, falta informe sobre documentación.

1 – Non se describen correctamente os procedementos para realizar as operacións de mantemento, nin o persoal, nin os tempos, nin o control de obra ben executada.

#### **Protección ambiental**

1 – Plan de protección ambiental non adaptado ao servizo, indícase que reciclarán lámpadas e luminarias, redución de consumo con reactancias e reloxo crepusculares e adecuación do alumado para reducir a contaminación luminosa.

0 – Non se aporta unha relación de residuos e o seu tratamento

#### **b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

2 – Persoal presentado, completo:

- Un enxeñeiro.
- Catro oficiais de primeira.
- Catro peóns.

2,5 – Presenta o mínimo de vehículos para a realización do servizo, e varios do mesmo tipo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Sigueiro.

#### **c) Disposibilidade en casos de emerxencia**

1 – Dous dos recursos humanos pero non os especifica.

3 - Tempo de resposta 20 minutos.

0 - Non se indica o coñecemento xeográfico do termo municipal.

#### **ELMI, ELECTRIFICACIONES MIÑONES, S.L.**

#### **a) Plan de traballo e de protección ambiental**

##### **Plan de traballo**

5 – Plano de traballo descrito con detalle, falta diagrama de traballo, falta informe sobre documentación.

2 – Descríbense como se realizará a prestación de cada servizo de mantemento.

##### **Protección ambiental**

2 – Plan de protección ambiental xenérico de empresa e lixeiramente adaptado ao servizo.



1 – Relación de residuos e tratamento non adaptado ao servizo, xenérico.

**b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

2 – Persoal presentado, completo:

- Un enxeñeiro.
- Cinco instaladores.

2,5 – Presenta o mínimo de vehículos para a realización do servizo, e varios do mesmo tipo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Laxe.

**c) Dispoñibilidade en casos de emerxencia**

1 – Todo o persoal disposto para o mantemento, estará dispoñible en momento de unha emerxencia

0,5 - Tempo de resposta dúas horas.

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

**SETGA, S.L.U.**

**a) Plan de traballo e de protección ambiental**

**Plan de traballo**

5 – Plano de traballo descrito con detalle, falta diagrama de traballo.

2,5 – Descrición dos procedementos para realizar as obras con, materiais, persoal e control descritos.

**Protección ambiental**

2,5 – Fai referencia as normas en vigor para cubrir todos os aspectos ambientais das obras e engade a posibilidade de realizar un plan ambiental.

1 – Relación de residuos e tratamento non adaptado ao servizo, xenérico.

**b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

2 – Persoal presentado, completo:

- Un enxeñeiro técnico industrial.
- Un enxeñeiro industrial.
- Unha xefa de administración.
- Un oficial electricista de 1ª categoría.
- Tres oficiais electricistas de 2ª categoría.

2,5 – Presenta o mínimo de vehículos para a realización do servizo, e varios do mesmo tipo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Pontevedra .

**c) Disposibilidade en casos de emerxencia**

0 – Non se indica o persoal que se fará cargo das emerxencias.

2 - Tempo de resposta menos de 1 hora

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

**ALUMEA, S.L.**

**a) Plan de traballo e de protección ambiental**

**Plan de traballo**

Non presenta plan de traballo

**Protección ambiental**

Non presenta plan de protección ambiental.

**b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

0 – Non se indica o persoal dedicado ao servizo.

2 – Presenta o mínimo de vehículos para a realización do servizo.

2 – Equipamento mínimo para a realización do servizo.

0 – Non se indica a situación de oficinas almacén.

**c) Disposibilidade en casos de emerxencia**

0 – Non se indica o persoal que se fará cargo das emerxencias.

0 - Non especifica o tempo de resposta ante unha emerxencia.

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

**MALGA, S.L.**

**a) Plan de traballo e de protección ambiental**

**Plan de traballo**

1 – Presenta un diagrama cos traballos a realizar e as periodicidades, pero non presenta nada máis.

0 – Non se informa de cómo se vai realizar o servizo.

#### **Protección ambiental**

Non presenta plan de protección ambiental.

#### **b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

2 – Persoal presentado, completo:

- Un xefe de obra: enxeñeiro técnico industrial.
- Un enxeñeiro Industrial.
- Dous oficial electricista.
- Chofer de camión.

3 – Presenta o mínimo de vehículos e outros que cobren outras necesidades do servizo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Santiago de Compostela.

#### **c) Disposibilidade en casos de emerxencia**

1 – Dous operarios e unha furgoneta.

1 – Tempo de resposta de 1 hora ante unha emerxencia.

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

#### **MONTAXES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ, S.L.**

#### **a) Plan de traballo e de protección ambiental**

##### **Plan de traballo**

6 – Plano de traballo descrito con detalle, adaptado ao servizo e diagrama de traballo.

2 – Descríbense como se realizará a prestación de cada servizo de mantemento.

##### **Protección ambiental**

7 – Plan de protección ambiental completo e adaptado ao servizo.

3 – Relación adaptada ao servizo de residuos producidos en obras e métodos de tratamento dos mesmos.

#### **b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos**

1,5 – Persoal presentado, suficiente:

- Un Oficial de 1ª electricista
- Un Oficial de 2ª electricista
- Un Administrativo

3 – Presenta o mínimo de vehículos e outros que cobren outras necesidades do servizo.

4 – Equipamento adecuado para a realización de servizo.

0,5 – Oficinas almacéns próximos ao Concello: Teo e Vedra.

**c) Disponibilidade en casos de emerxencia**

1 – Dous operarios, unha furgoneta e traballador con domicilio no concello.

3 – Tempo de resposta de 10 minutos ante unha emerxencia.

1 – Infórmase do coñecemento xeográfico do termo municipal.

Boqueixón, agosto de 2012

O enxeñeiro técnico industrial

Fdo.: Pablo Rojo Losada

**ASUNTO: CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que para a valoración das ofertas dos distintos contratistas, realizouse o estudo das mesmas en base a seguinte descomposición dos criterios contidos no “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN”.

**12 Criterios para a puntuación das ofertas**

**12.2 Criterios de valoración avaliados de forma automática mediante a aplicación de fórmulas:**

**c) Melloras ..... ata 35 puntos**

*No primeiro parágrafo informase que: “Admitiranse melloras técnicas en materia de eficiencia e aforro enerxético coa finalidade de optimizar a prestación do servizo, e outras ofertas puntuais que o Concello poderá estimar oportunas; so serán obxecto de valoración aquelas melloras que estean valoradas economicamente”.*

Despois de haber estudado as ofertas presentadas, comprobouse que as empresas ALUMEA e MALGA, non cumpren coa obriga de valorar economicamente as ofertas, polo tanto non serán obxecto de valoración. As causas son as seguintes:

**ALUMEA:**

- propoñen como mellora o cambio do 2 % do alumeado municipal en vapor de sodio en alta presión por luminarias LED, un total de 58 luminarias de 70 e 100 W por outras de 30 e 35 W de LED.

- Indican que se producirá un aforro para o concello de 40.645 kW o que ao final do período de contrato produce un aforro económico municipal de 6.000 €.

Segundo o criterio do técnico que subscribe, esta oferta non é obxecto de valoración posto que falta a valoración económica da inversión que se realizará pola empresa.

#### MALGA:

- Instalacións eléctricas e de alumeado en exteriores

Propoñen a substitución de luminarias y lámpadas por outras de menor consumo con semellante eficacia luminosa e a regulación da instalación de alumeado controlando o seu acendido, potencia e consumo, por medio de actuacións como: cambio de luminarias, cambio de lámpadas, instalación de balastos de dobre nivel, instalación de regulador-estabilizador, instalación de balastos electrónicos, realización de dobres circuítos, instalación de fotocélulas e reloxos astronómicos. De cada actuación dan un exemplo, onde se indica o aforro enerxético, económico e a inversión total que supoñería.

Non se indica nin se valora economicamente qué se vai a realizar, só se dan exemplos.

- Instalacións eléctricas e de alumeado en interiores

Proponse a instalación de baterías de condensadores, contratación do subministro eléctrico a unha asesoría de enerxía eléctrica, implantación de sistema de telexestión, instalación de células de presenza, cambio de luminarias de interiores, instalación de variadores e arrincadores

Falta a valoración económica da inversión que se realizará pola empresa.

*No segundo parágrafo, informase que: "A valoración das melloras realizarase partindo da valoración económica que das mesmas dean os ofertantes, supervisadas polos técnicos municipais, podendo ser corrixida segundo criterios técnicos a prezos de proxecto".*

Indícase a continuación a valoración económica considerada das distintas ofertas, segundo o criterio do técnico que subscribe.

#### ELECNOR

|                                                    |            |
|----------------------------------------------------|------------|
| Total presuposto de execución anual (IVE incluído) | 7.495,62 € |
|----------------------------------------------------|------------|

|                                                                                                                  |                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|
| Este importe corresponde a unha asignación anual que empresa vai investir, en catro anos obterase a cantidade de | $7.495,62 \text{ €} \times 4 \text{ anos} = 29.982,48 \text{ €}$ |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|

|                                                        |             |
|--------------------------------------------------------|-------------|
| Polo tanto a cantidade ofertada pola empresa ELECNOR é | 29.982,48 € |
|--------------------------------------------------------|-------------|

ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L.

Total das melloras anuais 10.500,00 €

Considerase este presuposto, como o prezo total do investimento con gasto e impostos incluídos.

Este importe corresponde a unha asignación anual que empresa vai investir, en catro anos obterase a cantidade de  $10.500,00 \text{ €} \times 4 \text{ anos} = 42.000,00 \text{ €}$

Polo tanto a cantidade ofertada pola empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO é 42.000,00 €

#### INSATEL

Informa que se realizará unha inversión total de:

##### 1 - Colocación de reloxo crepusculares:

110 € por unidade + IVE

Inversión total en seis anos de 3.300 € + 594 € de IVE

Un total de 3.894 € en seis anos.

Obtense unha valoración anual de  $3.894 \text{ €} / 6 \text{ anos} = 649 \text{ €} / \text{ano}$

Como a valoración realizase para 4 anos, obtense a cantidade de 2.596 €

##### 2 - Colocación de equipos RAT 50 W:

Valoración de 45.360 € + 8.164,8 € de IVE, un total de 53.524,8 € en seis anos.

Valoración anual de  $53.524,8 \text{ €} / 6 \text{ anos} = 8.920,8 \text{ €} / \text{ano}$

Valoración realizase para 4 anos, obtense a cantidade de 35.683,20 €

Polo tanto, o total de mellora proposta pola empresa INSATEL será a suma das cantidades expresadas nos apartados 1 e 2:  $2.596 \text{ €} + 35.683,20 \text{ €} = 38.279,20 \text{ €}$

#### CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U.

A oferta desta empresa é a instalación de 12 cadros CT500 de 6.651 € cada un, a cantidade total ascende a  $12 \times 6.651 \text{ €} = 79.812 \text{ €}$ , que será a cantidade que se utilice para os cálculos en vez de 79.818 € como ven na oferta presentada.

A cantidade ofertada é 79.812,00 €

#### ELMI

A cantidade ofertada é 60.000,00 € + 10.800 € de IVE 70.800,00 €

#### SETGA

A cantidade ofertada é 65.742,38 €

#### MONTAXES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ

A cantidade ofertada é

126.384,80 €

Na seguinte táboa preséntase un resumo das ofertas presentadas:

| COMPañÍA                      | OFERTA MELLORA |
|-------------------------------|----------------|
| ELECNOR                       | 29.982,48 €    |
| ELECTRICIDAD CRUCEIRO         | 42.000,00 €    |
| INSATEL                       | 38.279,20 €    |
| CORUÑESA DE AHORRO DE ENERGÍA | 79.812,00 €    |
| ELMI                          | 70.800,00 €    |
| SETGA, S.L.U                  | 65.742,38 €    |
| MONTAJES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ | 126.384,80 €   |

*No terceiro parágrafo, informase que: "Corresponderá a máxima puntuación (35 puntos) á oferta que represente o maior valor económico, distribuándose a puntuación ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa".*

O maior valor económico, de todas as ofertas, é o presentado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández, con 126.384,80 € de inversión, correspondendo máxima puntuación (35 puntos).

Polo tanto:

- Maior valor económico = 126.384,80 €
- Máxima puntuación = 35 puntos

Para a valoración realizarase unha regra de tres simple e directa:

$$\frac{\text{Maior valor económico}}{\text{Valor económico oferta}} = \frac{\text{Máxima puntuación}}{\text{Puntuación oferta}}$$

Polo tanto, despexando da formula anterior a variable "Puntuación oferta" obtense a seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{\text{Valor económico oferta} \times \text{Máxima puntuación}}{\text{Maior valor económico}}$$

Substituíndo os valores coñecidos:

$$\text{Puntuación oferta} = \text{Valor económico oferta} \times \frac{35}{126.384,80}$$

Aplicado esta fórmula, ás distintas ofertas obtense que:

ELECNOR

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{29.982,48 \times 35}{126.384,80} = 8,3 \text{ puntos}$$

Puntuación de ELECNOR no apartado c) Melloras 8,3 puntos

ELECTRICIDAD CRUCEIRO

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{42.000 \times 35}{126.384,80} = 11,6 \text{ puntos}$$

Puntuación de Electricidad Cruceiro no apartado c) Melloras 11,6 puntos

INSATEL

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{38.279,20 \times 35}{126.384,80} = 10,6 \text{ puntos}$$

Puntuación de INSATEL no apartado c) Melloras 10,6 puntos

CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U.

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{79.812,00 \times 35}{126.384,80} = 22,1 \text{ puntos}$$

Puntuación de Coruñesa de Ahorro Energético no apartado c) Melloras 22,1 puntos

ELMI

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{70.800,00 \times 35}{126.384,80} = 19,6 \text{ puntos}$$

Puntuación de ELMI no apartado c) Melloras 19,6 puntos

SETGA,S.L.U.

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{65.742,38 \times 35}{126.384,80} = 18,2 \text{ puntos}$$

Puntuación de SETGA, S.L.U. no apartado c) Melloras 18,2 puntos

ALUMEA



Puntuación de ALUMEA no apartado c) Melloras

0,0 puntos

MALGA

Puntuación de MALGA no apartado c) Melloras

0,0 puntos

MONTAXES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ

$$\text{Puntuación oferta} = \frac{126.384,80 \times 35}{126.384,80} = 35,0 \text{ puntos}$$

Puntuación de Montaxes Eléctricos Fernández no apartado c) Melloras

35,0 puntos

Na seguinte táboa preséntase un resumo das ofertas presentadas coa puntuación obtida por cada empresa:

| COMPAÑÍA                      | OFERTA MELLORA | PUNTUACIÓN |
|-------------------------------|----------------|------------|
| ELEC NOR                      | 29.982,48 €    | 8,3        |
| ELECTRICIDAD CRUCEIRO         | 42.000,00 €    | 11,6       |
| INSATEL                       | 38.279,20 €    | 10,6       |
| CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO | 79.812,00 €    | 22,1       |
| ELMI                          | 70.800,00 €    | 19,6       |
| SETGA, S.L.U                  | 65.742,38      | 18,2       |
| ALUMEA, S.L.                  | 0,00 €         | 0,0        |
| MALGA                         | 0,00 €         | 0,0        |
| MONTAJES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ | 126.384,80 €   | 35,0       |

**d) Oferta económica ..... ata 30 puntos**

*A oferta económica que conteña o prezo máis baixo outorgaráselle 30, e as restantes valóranse proporcionalmente.*

Segundo o criterio do técnico que subscribe, a puntuación da oferta económica co prezo máis baixo outórganselle 30 puntos, ao orzamento de licitación indicado no prego outorgaríanselle 0 puntos. A partir destes valores obtéñense os do resto das ofertas.

Polo tanto:

Oferta económica prezo máis baixo. Electricidad Cruceiro 159.772,00 € -> 30 puntos

Orzamento de licitación. 207.680,00 € -> 0,0 puntos

A partir destes datos dedúcese o seguinte:

$$207.680,00 \text{ €} - 159.772,00 \text{ €} = 47.908,00 \text{ €}$$

$$\frac{47.908,00 \text{ €}}{30 \text{ puntos}} = 1.596,934 \frac{\text{€}}{\text{punto}}$$

O valor de 1.596,934 €, é o que divide as distintas baixas para saber cantos puntos obtén cada empresa.

Indícase a continuación a valoración considerada das distintas ofertas, segundo o criterio do técnico que subscribe.

#### ELECNOR

Total oferta económica anual (IVE incluído) 50.362,40 €

Este importe corresponde a unha asignación anual que, en catro anos obterase a cantidade de

$$50.362,40 \text{ €} \times 4 \text{ anos} = 201.449,60 \text{ €}$$

Polo tanto a cantidade ofertada é: 201.449,60 €

A baixa presentada pola empresa é:  $207.680,00 - 201.449,60 = 6.230,40 \text{ €}$

A puntuación obtida pola empresa é:  $6.230,40 / 1.596,934 = 3,9 \text{ puntos}$

#### ELECTRICIDAD CRUCEIRO

Total oferta económica (IVE incluído) 159.772,00 €

A baixa presentada pola empresa é:  $207.680,00 - 159.772,00 = 47.908,00 \text{ €}$

A puntuación obtida pola empresa é:  $47.908,00 / 1.596,934 = 30,0 \text{ puntos}$

#### INSATEL

Total oferta económica anual (IVE incluído) 43.620,00 €

Este importe corresponde a unha asignación anual que, en catro anos obterase a cantidade de

$$43.620,00 \text{ €} \times 4 \text{ anos} = 174.480,00 \text{ €}$$

|                                                                |              |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Polo tanto a cantidade ofertada é:                             | 174.480,00 € |
| A baixa presentada pola empresa é: $207.680,00 - 174.480,00 =$ | 33.200,00 €  |
| A puntuación obtida pola empresa é: $33.200,00 / 1.596,934 =$  | 20,8 puntos  |

CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, SLU

|                                                                |              |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Total oferta económica (IVE incluído)                          | 166.144,00 € |
| A baixa presentada pola empresa é: $207.680,00 - 166.144,00 =$ | 41.536,00 €  |
| A puntuación obtida pola empresa é: $41.536,00 / 1.596,934 =$  | 26,0 puntos  |

ELMI

|                                                                |              |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Total oferta económica (IVE incluído)                          | 197.296,00 € |
| A baixa presentada pola empresa é: $207.680,00 - 197.296,00 =$ | 10.384,00 €  |
| A puntuación obtida pola empresa é: $10.384,00 / 1.596,934 =$  | 6,5 puntos   |

SETGA, S.L.U.

|                                                                |              |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Total oferta económica (IVE incluído)                          | 188.324,22 € |
| A baixa presentada pola empresa é: $207.680,00 - 188.324,22 =$ | 19.355,78 €  |
| A puntuación obtida pola empresa é: $19.355,78 / 1.596,934 =$  | 12,1 puntos  |

ALUMEA

|                                                                |              |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Total oferta económica (IVE incluído)                          | 178.534,00 € |
| A baixa presentada pola empresa é: $207.680,00 - 178.534,00 =$ | 29.146,00 €  |
| A puntuación obtida pola empresa é: $29.146,00 / 1.596,934 =$  | 18,3 puntos  |

MALGA

|                                                                 |               |
|-----------------------------------------------------------------|---------------|
| Oferta por 6 anos de contrato                                   | 255.446,40 €. |
| Total oferta económica anual (IVE incluído), $255.446,40 / 6 =$ | 42.574,40 €   |

Este importe corresponde a unha asignación anual que, en catro anos obterase a cantidade de

$$42.574,40 \text{ €} \times 4 \text{ anos} = 170.297,60 \text{ €}$$

|                                                                |              |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Polo tanto a cantidade ofertada é:                             | 170.297,60 € |
| A baixa presentada pola empresa é: $207.680,00 - 170.297,60 =$ | 37.382,40 €  |
| A puntuación obtida pola empresa é: $37.382,40 / 1.596,934 =$  | 23,4 puntos  |

### MONTAXES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ

Total oferta económica (IVE incluído) 176.528,00 €

A baixa presentada pola empresa é:  $207.680,00 - 176.528,00 =$  31.152,00 €

A puntuación obtida pola empresa é:  $31.152,00 / 1.596,934 =$  19,5 puntos

Na seguinte táboa preséntase un resumo das ofertas presentadas coa puntuación obtida por cada empresa:

| COMPAÑÍA                      | OFERTA ECONÓMICA | PUNTUACIÓN |
|-------------------------------|------------------|------------|
| ELECNOR                       | 201.449,60 €     | 3,9        |
| ELECTRICIDAD CRUCEIRO         | 159.772,00 €     | 30,0       |
| INSATEL                       | 174.480,00 €     | 20,8       |
| CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO | 166.144,00 €     | 26,0       |
| ELMI                          | 197.296,00 €     | 6,5        |
| SETGA, S.L.U                  | 188.324,22 €     | 12,1       |
| ALUMEA, S.L.                  | 178.534,00 €     | 18,3       |
| MALGA                         | 170.297,60 €     | 23,4       |
| MONTAJES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ | 176.528,00 €     | 19,5       |

Na seguinte táboa preséntase a valoración final segundo o criterio de aplicación de fórmulas de todas as empresas:

| COMPAÑÍA              | PUNTUACIÓN FINAL |
|-----------------------|------------------|
| ELECNOR               | 12,2             |
| ELECTRICIDAD CRUCEIRO | 41,6             |

|                                  |      |
|----------------------------------|------|
| INSATEL                          | 31,4 |
| CORUÑESA DE AHORRO<br>ENERGÉTICO | 48,1 |
| ELMI                             | 26,1 |
| SETGA, S.L.U                     | 30,3 |
| ALUMEA, S.L.                     | 18,3 |
| MALGA                            | 23,4 |
| MONTAJES ELÉCTRICOS<br>FERNÁNDEZ | 54,5 |

Boqueixón, setembro de 2012

O enxeñeiro técnico industrial

Fdo.: Pablo Rojo Losada

Polo tanto á vista dos informes transcritos a clasificación das ofertas sería a seguinte:

| Empresas                            | Criterios<br>avaliables<br>mediante<br>xuízos de valor | Criterios<br>avaliables<br>mediante<br>fórmulas | Total<br>puntuación |
|-------------------------------------|--------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|---------------------|
| Montaxes Eléctricos Fernández, SL   | 32.0                                                   | 54.5                                            | 86.5                |
| Coruñesa de Ahorro de Energía, SLU  | 18.0                                                   | 48.1                                            | 66.1                |
| Electricidad Cruceiro, SL           | 17.50                                                  | 41.60                                           | 59.1                |
| Setga, SLU                          | 23.0                                                   | 30.3                                            | 53.3                |
| ELMI, Electrificaciones Miñones, SL | 21.5                                                   | 26.1                                            | 47.6                |
| Insatel                             | 9.0                                                    | 31.4                                            | 40.4                |
| Elecnor, SA                         | 27.0                                                   | 12.2                                            | 39.2                |
| Malga,SL                            | 13.5                                                   | 23.4                                            | 36.9                |

|            |     |      |      |
|------------|-----|------|------|
| Alumea, SL | 5.0 | 18.3 | 23.3 |
|------------|-----|------|------|

Con data 22 de outubro solicitouse á empresa Montaxes Eléctricos Fernández, SL que presentara xustificantes de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o aval correspondente, o certificado de contar cos medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato e no caso de alta no IAE, orixinal ou copia da alta no dito imposto. A empresa presentou a documentación o día 26 de outubro de 2012. Consecuentemente, en cumprimento do establecido no artigo 151.3) do Texto Refundido da lei de contratos do sector público, Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, así como na Base nº 17 do Prego de Cláusulas administrativas aprobado en Xunta de Goberno celebrada o 20 de xuño de 2012, o órgano de contratación dispón de tan só 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación para adxudicar definitivamente o contrato.

Por outro lado, este contrato debido á posibilidade de prórroga prevista no prego por dous anos máis, é competencia do pleno ao superar deste xeito os catro anos previstos na disposición adicional segunda do referido Real Decreto Legislativo. Sen embargo, debemos ter en conta que o pleno da corporación delegou esta competencia na Xunta de Goberno. Por este motivo é necesario para adxudicar o contrato dentro do prazo dos 5 días hábiles, convocar esta xunta local de goberno extraordinario.

Por todo o cal a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar o contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeado público á empresa Montaxes Eléctricos Fernández, SL polo importe anual que a continuación se especifica e por un período de 4 anos:

Prezo sen IVE: 37.400 euros/ano

IVE (21%): 7.854 euros/ano

Total: 45.254 euros/ano

Comunicar ós licitadores que contra este acordo poderán interpoñer o recurso especial de contratación no prazo de 15 días hábiles contados a partires do seguinte a aquel en que se remita a notificación deste acordo.

Comunicar, así mesmo, que o órgano de contratación unha vez transcurrido o período fixado no parágrafo anterior sen que se tivera interposto ningún recurso especial de contratación, requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo máximo de 5 días desde que reciba o requirimento

#### **RECURSOS:**

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer os recursos seguintes:

1 – Con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación, no prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte ó envío desta notificación, ante o órgano de contratación.

2- Directamente recurso contencioso – administrativo, ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de 2 meses, contados desde o día seguinte ó da notificación deste acordo , e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que lle traslado a vostede para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

Boqueixón, 5 de novembro de 2012

A secretaria



Elena Suárez Rodríguez

